

|                       |                                                                                                                                                      |
|-----------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Obxecto:</b>       | Informe á Resposta do promotor ao informe da DXPC do 22.12.2021 sobre o Estudo de impacto ambiental (EsIA) e o Proxecto de interese autonómico (PIA) |
| <b>Proxecto:</b>      | Parque eólico Monte Inxeiro                                                                                                                          |
| <b>Documento:</b>     | Memoria refundida de avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural                                                                               |
| <b>Localización:</b>  | Ordes e Cerceda (A Coruña)                                                                                                                           |
| <b>Promotor:</b>      | Green Capital Power, S.L.                                                                                                                            |
| <b>Remitente:</b>     | Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación           |
| <b>S/Clave:</b>       | IN408A 2017/25                                                                                                                                       |
| <b>Data rexistro:</b> | 31.05.2022                                                                                                                                           |
| <b>Expediente :</b>   | 03.I.494.2021.002 (Servizo de Arqueoloxía) e IA2435/2011 (Servizo de Arquitectura)                                                                   |

O 31.05.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se dá traslado da resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) de data 22.12.2021.

A efectos de emitir o correspondente informe achégase o enlace para descargar o documento titulado "Memoria refundida de avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do proxecto do parque eólico Monte Inxeiro e accesos exteriores (Maio 2022)", nos concellos de Ordes e Cerceda (parque eólico) e Culleredo e Laracha (accesos).

#### ANTECEDENTES:

O 22.12.2021 a DXPC emitira un informe sobre o documento Estudio de impacto referido ao Proxecto de execución Parque eólico Monte Inxeiro, concello de Ordes e Cerceda (A Coruña) setiembre 2021 e Proxecto Sectorial Parque Eólico Monte Inxeiro (PIA) julio 2021, no que se indicou que o deseño do parque eólico non era compatible coa protección e conservación do patrimonio cultural e se solicitou o desprazamento dos aeroxeradores MI-01, MI-02, MI06, MI-08, MI-10 e a torre meteorolóxica por invadir os ámbitos de protección de varios xacementos arqueolóxicos. En concreto:

- Deberá desprazarse o MI-01 fóra do ámbito de protección do Túmulo de Areosa (GA15024024).
- Deberá desprazarse MI-02 fóra do ámbito de protección do Mámoa da Abeleria (GA15059077).
- Deberá desprazarse a Torre Meteorolóxica fóra do ámbito de protección da e Mámoa 3 do Couto, (GA15059081).
- Deberá desprazarse o aeroxerador MI-06 e as súas infraestruturas asociadas (accesos e gabias de cableado) fóra do ámbito de protección dos xacementos Mámoa 2 do Couto (GA15059015) e Mámoa 3 do Couto (GA15059081).
- Deberá desprazarse o MI-08 fóra do ámbito de protección dos xacementos Medorra 1 do Toxal (GA15024019) e Madorra 2 do Toxal (GA15059096).
- Deberá desprazarse o MI-10 fóra do ámbito de protección de unha zona de Dispersión de materiais (AC15059006-05).
- Deberá presentarse a avaliación de impacto sobre patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico dende a rede de estradas xerais e as actuacións necesarias para facilitar o paso de transportes especiais.
- Os cambios solicitados suporán un cambio do deseño do PE que terá que ser avaliada e informada pola DXPC.

Ademais a Axencia Galega de Infraestruturas, solicitou o desprazamento dos aeroxeradores MI-06, MI-07 e MI-08. E a Dirección General del Instituto Geográfico Nacional, solicitou desprazar o aeroxerador M-11.

Polo que o novo deseño do parque eólico finalmente desprazará os aeroxeradores MI-01, MI-02, MI-06, MI-7, MI-08, MI-10, MI-11 e a torre meteorolóxica con relación ao deseño informado o 22.12.2021.



## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.(DOG núm. 126, do 04.07.2022).

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise do documento:

- A documentación remitida consiste na Memoria refundida da avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, asinada en maio de 2022 polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar, da empresa ZETA ARQUEOLOXÍA, S.L. e ten por obxecto a avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural das modificacións realizadas no deseño do parque, conforme ás consideracións do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 22.12.2021 e do resto de informes sectoriais pertinentes.
- As modificacións e axustes consisten basicamente no cambio das posicións dos aeroxeradores MI-01, MI-02, MI-06, MI-08, MI-10 e da torre meteorolóxica, para retiralos fóra dos ámbitos de protección de varios bens de carácter arqueolóxico.
- Asemade, inclúe a valoración do impacto dos accesos exteriores ao parque, onde se describe a ruta de acceso desde a saída 586 da autoestrada A6 en Culleredo, para continuar polas estradas AC-523 e DP-2405 ata alcanzar a estrada AC-409, que conecta co viario interior do parque. Nesta ruta identifícanse 6 puntos críticos e actuacións.
- De acordo con esta memoria refundida, no ámbito de estudo do parque eólico e accesos identifícanse nunha táboa 21 elementos do patrimonio cultural, dos cales 5 elementos patrimoniais (4 arqueolóxicos e un topónimo) localízanse dentro do ámbito da prospección intensiva (200 m).
- No apartado da análise da paisaxe cultural que fai o arqueólogo nesta memoria refundida, indícase a existencia de valados realizados coa técnica da pedra en seco e, aínda que os considera de escaso interese, propón como medidas correctoras xerais para os casos de afección directa:
  - Rexistro detallado, no marco do control arqueolóxico, dos tramos que sufran afección directa, con reportaxe fotográfica, debuxo e fotogrametría.
  - Restitución, sempre que sexa posible, dos tramos afectados, coa mesmo material e sistema construtivo.
- A valoración dos impactos sobre os bens arqueolóxicos directamente afectados polo novo deseño do proxecto é a seguinte:



| Código     | Elemento                               | Axente de impacto e avaliación deste                                                                                                                                                                                                                                    | Impacto            |
|------------|----------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| GA15059003 | Coto dos Castros/<br>Castro de Meitufe | A 395 m ao SO do elemento proxéctase a plataforma do aeroxerador MI-06.                                                                                                                                                                                                 | Sen impacto        |
| GA15059017 | Castro das Medorras                    | A 450 m ao SL localízase o acceso ao aeroxerador MI-08.                                                                                                                                                                                                                 | Sen impacto        |
| GA15059019 | Medorra do Toxal/<br>Medorra do Rego   | A 700 m ao NO do xacemento proxéctase a gabia que rodea a SET                                                                                                                                                                                                           | Sen impacto        |
| GA15059020 | Os Castros                             | A 415 m ao SO do xacemento situarase a zona de xiro no viario cara ao MI-11.                                                                                                                                                                                            | Sen impacto        |
| GA15059022 | O Castro/ Castro de Mercurín           | A 860 m ao NO do xacemento proxéctase o aeroxerador MI-11                                                                                                                                                                                                               | Sen impacto        |
| GA15059077 | Mámoa da Abeleira                      | A 219 m ao>NNL do xacemento proxéctase o aeroxerador MI-02.                                                                                                                                                                                                             | Sen impacto        |
| GA15059096 | Medorra do Toxal 2                     | A 748 m ao O do xacemento sitúase o acceso á SET                                                                                                                                                                                                                        | Sen impacto        |
| AC15059006 | Dispersión de materiais                | A 204 m ao NO do xacemento proxéctase a gabia de cableado do aeroxerador MI-10.                                                                                                                                                                                         | Sen impacto        |
| GA15024024 | Túmulo de Areosa                       | A 225 m ao SSL do xacemento proxéctase o aeroxerador MI-01                                                                                                                                                                                                              | Sen impacto        |
| GA15031032 | Santa Baia                             | A 20 m ao O do xacemento, proxéctase a actuación de acceso exterior, Punto Crítico 01, que non implica movementos de terras, e están sobre o actual enlace da Autovía A6, á altura do PK 586. Coas medidas correctoras propostas considérase o impacto compatible.      | Impacto compatible |
| GA15059015 | Mámoa 2 do Couto                       | A 199 m ao S do xacemento, rectificación do radio de xiro do viario de acceso cara ao aeroxerador MI-05, proxectado polo lado contrario da vía existente con respecto a onde se sitúa o xacemento. Coas medidas correctoras propostas considérase o impacto compatible. | Impacto compatible |
| GA15059064 | Mámoa 1 do Coto                        | A 135 m ao N do xacemento proxéctase o acceso ao aeroxerador MI-06, modificando unha pista parcelaria. A gabia de cableado proxéctase pola marxe máis afastada do xacemento. Coas medidas correctoras propostas considérase o impacto compatible.                       | Impacto compatible |
| GA15059081 | Mámoa 3 do Coto                        | A 182 m ao S do xacemento, rectificación do radio de xiro do viario de acceso cara ao aeroxerador MI-05, proxectado polo lado contrario da vía existente con respecto a onde se sitúa o xacemento. Coas medidas correctoras propostas considérase o impacto compatible. | Impacto compatible |
| TOP01      | Marco Grande                           | A plataforma do aeroxerador MI-03 e a gabia de cableado proxéctanse dentro da área delimitada de 200 m deste topónimo, do que non se localizaron estruturas nin materiais. Coas medidas correctoras propostas considérase o impacto compatible.                         | Impacto compatible |
| TOP02      | Fonte Irexe                            | O campamento de obra proxéctase na mesma parcela onde se documentou o topónimo, e gabia de cableado proxéctase polo lado oposto da vía con respecto a onde se documentou o devandito topónimo, do que non se localizaron estruturas nin materiais asociados.            | Impacto compatible |



|  |  |                                                                      |  |
|--|--|----------------------------------------------------------------------|--|
|  |  | Coas medidas correctoras propostas considérase o impacto compatible. |  |
|--|--|----------------------------------------------------------------------|--|

- Establécense como medidas correctoras xenéricas realizar o control e seguimento arqueolóxico das obras, sobre todo, na fase de replanteo e de remocións de terras.
- Como medidas correctoras xerais para o conxunto das obras propónse:
  - Comunicar con antelación ao equipo encargado do control e seguimento a localización das posibles zonas de acopio ou préstamo así como calquera outra obra non recollida na planimetría nin no proxecto, en previsión de que calquera elemento arqueolóxico non identificado poida verse afectado polas obras.
  - Revisión pormenorizada de todo o replanteo previo para verificar que non afecten a elementos non recollidos no presente estudo de impacto.
  - Inclusión nos planos de obra dos elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas.
- Medidas correctoras de carácter xeral para os xacementos arqueolóxicos que poidan localizarse nas fases de replanteo e construción: balizado de cada un dos elementos arqueolóxicos na planimetría de obra, prohibido calquera tipo de remoción non controlada nas inmediacións, as obras no entorno dos xacementos deberan restrinxirse ao proxectado, control e seguimento de todas as remocións a realizar nas proximidades dos elementos para verificar a existencia ou non de materiais, restos ou estruturas arqueolóxicas.
- Exponse medidas correctoras específicas nos elementos que presentan algún tipo de impacto:

| Código     | Elemento         | Medidas correctoras                                                                  | Impacto            |
|------------|------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| GA15031032 | Santa Baia       | Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de protección do xacemento. | Impacto compatible |
| GA15059015 | Mámoa 2 do Couto | Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de protección do xacemento. | Impacto compatible |
| GA15059064 | Mámoa 1 do Couto | Control arqueolóxico presencial das obra dentro da área de protección do xacemento.  | Impacto compatible |
| GA15059081 | Mámoa 3 do Coto  | Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de protección do xacemento. | Impacto compatible |
| TOP01      | Marco Grande     | Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de protección do xacemento  | Impacto compatible |
| TOP02      | Fonte Irexe      | Control arqueolóxico presencial das obra dentro da área de protección do xacemento.  | Impacto compatible |

- Na memoria indícase que se analizaron os datos LIDAR e se detectaron algunhas anomalías que despois foron comprobadas en campo, considerándoas como elevacións naturais do terreo sen amosaren atributos para consideralas xacementos arqueolóxicos (anomalía 01, -coordenadas UTM ETRS89 29N X=545403, Y=4773381-; anomalía 02 -X=545592, Y=4773004-; anomalía 03 -X=545262, Y=4774071-; anomalía 04 -X=545672, Y=4775310-).
- O deseño do parque eólico modificouse en varios puntos para non invadir zonas de protección de xacementos arqueolóxicos con obras de nova execución. Desprazáronse os aeroxeradores os MI-01, MI-02, MI-06, MI-08, MI-10 (desprazamento solicitados polas DXPC e tamén se desprazan os MI-07 (desprazamento solicitado pola Axencia Galega de Infraestruturas e o MI-11 (solicitado pola Dirección General del Instituto Geográfico Nacional).

### Consideracións técnicas:



- Unha vez analizado o documento cómpre informar que as modificacións introducidas no proxecto do parque eólico e reflectidas na documentación agora presentada non orixinan cambios na valoración do impacto sobre o patrimonio de carácter arquitectónico e etnolóxico, respecto do proxecto informado pola DXPC do 21.12.2021, onde o impacto foi considerado nulo.
- Logo de revisar os mapas LIDAR, detectáronse preto das obras irregularidades do terreo que foron marcadas como posibles túmulos, sendo necesario verificálas en campo, en concreto, nas seguintes coordenadas UTM ETRS89 29N:
  - X=545629, Y=4775411
  - X=545629, Y=4775376
  - X=544986, Y=4773918
  - X=544986, 4773889
  - X=545625, Y=4773402
- Nos arquivos shape do proxecto de execución definitivo enviados o 26.10.2022 aparecen marcadas algunhas obras que non foron avaliadas na Memoria refundida de Evaluación del impacto sobre Patrimonio Cultural del proyecto del Parque eólico Monte Inxeiro y accesos exteriores. Octubre 2022 nos concellos de Ordes e Cerceda e accesos polos concellos de Culleredo e Laracha. En concreto, figura debuxado un acceso que discorre pola zona de protección do xacemento Monte da Medorra (GA15059019) e outros trazos que non afectan a áreas de protección de xacementos).
- Ademais a plataforma do aeroxerador MI-03 sitúase parcialmente dentro do perímetro delimitado para o topónimo de Marco Grande (TOP01).

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

## INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, emítese un informe **favorable** da "Memoria refundida de avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do proxecto do parque eólico Monte Inxeiro e accesos exteriores, concellos de Ordes e Cerceda, Culleredo e Laracha (Maio 2022)", coas medidas protectoras e correctoras propostas neste documento refundido, debendo ter en conta asemade a seguintes consideracións:

- Antes do inicio das obras verifícaranse en campo as anomalías indicadas nas consideracións técnicas deste informe, para comprobar se poden ser xacementos arqueolóxicos. De confirmárense como bens arqueolóxicos deberá comunicarse á DXPC, avaliarse os impactos das obras e establecer as medidas correctoras e protectoras necesarias.
- Deberá garantirse que o deseño das obras de acondicionamento dos viarios existentes que discorren polos contornos de protección dos elementos arqueolóxicos identificados aproveitarán as zonas de ocupación das vías xa existentes, e, por tanto, sen realizar remocións de terras nas áreas de protección destes. Especialmente no caso da Mámoa de Monte da Medorra, e dado que este xacemento sitúase moi preto da vía que sería utilizada como acceso (a uns sete metros), advírtese que non se poderán realizar obras que leven consigo remocións de terras dentro do contorno de protección deste ben.
- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, os traballos de construción deste realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm.92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm.150, do 06.08.1997).
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a



existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación in situ dos mesmos, avaliarase o impacto das obras e estableceranse as medidas correctoras oportunas. Así mesmo, deberá comunicarse inmediatamente a DXPC.

- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola DXPC.
- Os contornos de protección dos bens do patrimonio cultural deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico.
- A partir dos resultados das actuacións arqueolóxicas e do traballo de campo a DXPC, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.

Respecto do PIA:

- Deberá incorporar as modificacións realizadas no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes para que haxa total correspondencia entre o proxecto executivo, o EsIA e o PIA. Asemade deberá incluír a totalidade do inventario dos bens identificados no EsIA, todas as valoracións de impacto e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no mesmo.
- Os contornos de protección dos bens de patrimonio cultural serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos existentes e contrastados en campo. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- De ser o caso, os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela  
A directora xeral de Patrimonio Cultural

M<sup>a</sup> Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

